



## NORMAS DE FUNCIONAMENTO DO CENTRO

### CURSO 2.022/23

#### AULA DE MADRUGADORES

Os alumnos do Servizo de Madrugadores incorporaranse ao mesmo a partir das 7:30 horas ata as 9 horas. Este realizarase no Comedor e quedarán coa monitora, que será a encargada de entregalos ás 9 horas a cada titora ou as filas correspondentes. Os pais ou persoa responsable, acompañarán aos nenos ata a porta trasera da cocina, pola que entrarán. Nunca entrarán sós, agás os que cheguen cando a monitora, que poderán entrar con ela.

#### COMEDOR

Pregamos puntualidade na recollida dos nenos que utilizan dito servizo (ver normativa de comedor).

**Informe sempre aos vossos fillos dos posibles cambios ou horarios:** si vai a comedor, fila de pais, si vai no autobús, quen o ven recoller, etc. Os cambios nos servizos de comedor e madrugadores informaranse no ANPA.

**Ademais, calquera cambio nestes servizos (comedor, madrugadores ou autobús), debe comunicarse ao centro.**

#### ALUMNOS TRANSPORTADOS

Haberá tres liñas de autobús, na hora da entrada ao centro, e virán sempre acompañados pola monitora do autobús ata a porta verde do colexio e alí os recollerán as mestras de garda. Aos alumnos de 5º E 6º de E. Infantil os acompañarán ata o edificio principal onde farán as filas no porche e os de 4º de E. Infantil os deixarán dentro na zona das escaleiras. Os de Primaria irán ao patio cuberto, onde tamén farán as filas.

Para o regreso ás casas (agás os que quedan no comedor) haberá tres liñas de autobús e ás 13:55 horas os alumnos do centro serán entregados ás monitoras dos autobuses que os levarán ao mesmo e serán entregados nas diferentes paradas aos pais ou persoa autorizada de recollelos. A liña 1 sairá pola vermella pequena e as liñas 2 e 3 polas grandes (igual que o curso pasado).

Por motivos de seguridade, ás 14 horas, ningún alumno non transportado ou os seus acompañantes, poderán saír antes dos autobuses. Primeiro arrancarán e despexarán o camiño os autocares e despois sairán os non transportados. Durante estas primeiras semanas de curso, este proceso é un pouco máis lento, posto que os cativos de 3 anos necesitan o seu tempo para subir o camiño, subir ao autobús, sentarse..., co cal, pedimos a comprensión de todos para que todo se lles faga máis doado.

Comunicamos que todos os alumnos transportados do noso Centro levarán un carnet novo de autobús. **Dito carnet teñen que levalo posto sempre que usen este servizo.** O carnet teredes que cubri-lo pais ou titores legais na parte traseira (por teléfonos e algunha nota que queirades destacar e adxuntar foto) e poñerlle unha funda plástica. **É imprescindible levalo posto para o uso do transporte**, sobre todo por un tema de seguridade, posto que os máis



cativos non coñecen a súa parada e así colaboramos cos cuidadores no bo desenvolvemento do seu traballo. É imprescindible que os pais ou persoa autorizada recolla aos cativos na porta do autobús.

### ALUMNOS NON TRANSPORTADOS

Poderán acceder ao centro a partir da chegada dos autobuses (8:50 horas), **nunca antes**. Non se quedarán xogando polos patios, senón que esperarán en compañía dos pais ou persoa autorizada. Lembrade que os pais que traen aos seus fillos ao centro non poden esperar no porche da entrada principal a que entren os nenos, posto que non deixan espazo para facer as filas. Poden agardar na zona das escaleiras ou no patio de terra que está diante.

**Por outra banda, os alumnos non transportados, cando marchan ás 14 horas, non subirán sós o camiño (agás os autorizados de 5º e 6º de Primaria). Sempre irán acompañados da persoa responsable da súa recollida.**

### ACCESOS AO CENTRO

Lembrade que as familias non poderán baixar os coches ata o recinto escolar nin ao camiño de acceso, pola seguridade dos nenos que circulen como peóns. Si poderán baixar os coches os usuarios de servizo de madrugadores ata o camiño, por ser unha hora na que non hai peóns, é moi cedo e é de noite.

**Nunca baixarán os coches na recollida do comedor nin nas horas de entrada e saída**, posto que atascarán os accesos ao centro, sendo imposible unha evacuación en caso de urxencia. Polo camiño de acceso ao centro hai pintado un sendeiro peonil polo que deben baixar os peóns.

As titorías cos mestres serán os martes de 17:30 a 18:30 horas. Estas poderán ser presenciais ou por outros medios telemáticos (teléfono, correo electrónico...). Non se poden traer nenos ás titorías presenciais xa que non poden quedar sós polo centro.

### AS FILAS PARA TODOS E TODAS SERÁN:

- PATIO CUBERTO: DE 1º A 6º DE PRIMARIA.
- PORCHE: EDUCACIÓN INFANTIL.

### ACCESOS AS AULAS

Os alumnos subirán as aulas en compañía ou baixo a vixilancia dos mestres, nunca acompañados polos pais (agás os cativos da aula de tres anos durante o período de adaptación).

**Os alumnos serán puntuais na hora de entrada.** Os nenos que cheguen tarde, serán entregados na Dirección e será un membro de Equipo Directivo o encargado de levalo a súa aula. O acompañante asinará na Dirección a entrega do cativo e a hora de chegada. Os alumnos que sexan reincidentes nas faltas de puntualidade, porase en coñecemento da administración educativa para que tomen as medidas oportunas.

**Tampouco poderán subir as familias, nas horas de clase, ás aulas. Para calquera recado, consulta ou recollida dun alumno dirixiranse á Dirección do Centro que serán os encargados de avisar.**



Estrada Matamá-Pazo, 104. Santo André de Comesaña. 36213-VIGO. ☎ -886 120 222 / FAX – 886 120 223  
Correo electrónico: [ceip.parroco.doncamilo@edu.xunta.es](mailto:ceip.parroco.doncamilo@edu.xunta.es)

Todos os alumnos que teñan que marchar no medio da xornada lectiva deberán facelo asinando unha autorización por parte dos pais ou persoa responsable de recollelos.

#### NORMATIVA COVID

En principio seguiremos todo o indicado pola administración educativa. A situación tende a normalizarse, non é necesario o uso de máscara e poderemos interactuar entre grupos de diferentes idades. Si continuaremos insistindo en hábitos de hixiene coma o lavado de mans, non asistir ao centro enfermo e manter certa distancia de seguridade en momentos como espirrar, tusir, falar... **SI SERÁ OBLIGATORIO O USO DE MÁSCARA NO AUTOBÚS ESCOLAR PARA OS MAIORES DE 6 ANOS.**

PARA UN BO DESENVOLVEMENTO DO TRABALLO LECTIVO DE ALUMNOS E MESTRES PREGAMOS QUE NON FAGADES CHAMADAS QUE NON SEXAN DE REAL IMPORTANCIA OU EMERXENCIA. LEMBRÁDE QUE A **AXENDA** É A MELLOR FORMA PARA COMUNICAR OS CAMBIOS Á TITORA. DE TÓDOLOS XEITOS, ANTE A DÚBIDA, SI NON ESTADES SEGUROS DE QUE O NENO ENTREGUE A AXENDA E MELLOR QUE CHAMEDES. LEMBRÁDE QUE O CORREO ELECTRÓNICO DO CENTRO SEGUE ACTIVO PARA COMUNICACIÓNS, SENDO A MANEIRA MÁIS RÁPIDA E DIRECTA.

Vigo, a 3 de setembro do 2.022

Asinado: A Dirección.

